

O Bierzo

antoloxía da

"Galiza irredenta"


No Bierzo están as portas e moitas respostas da identidade destes confíns extremo occidentais do Vello Mundo que é a Galiza. Fluír de camiños nos que se consolida canto significa o románico e se expresa na cultura, na arte, no idioma.

Universo sempre en devalar, non só cambiante en paisaxes, cores, luces e sombras de cada tempo, senón en avatares históricos, culturais, expresados na súa humanización.

"O Bierzo, a Galiza irredenta" que dicía o sabio bieito Padre Sarmiento, resulta unha antoloxía de esencias de canto significa Galiza. Cómpre pór os sentidos para saber enxergar e descubrir o negado: "viaxar é vivir" repetía Manuel María, amante da galeguidade do Bierzo.



FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ
(O Carballiño, 1948). Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago. Foi director-conservador do Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón (A Coruña). Actualmente é Técnico de Xestión Cultural da Deputación da Coruña. É sempre un viaxeiro incansábel polos camiños do mundo. A súa obra sobre Prehistoria, Historia, Arqueoloxía, Arte... é amplísima.



As Medulas

Na páxina da dereita, Ponferrada, praza da
Aciñeira xunto ao castelo e a rúa do reloxo

O SIL, GUIEIRO, CORDA DO EMBIGO DA HISTORIA ANTIGA DA GALIZA... Os ríos Miño e Sil –que ambos os hidrónimos, a xuízo dos lingüistas clásicos, significan a cor arrubiada, “*minio*” das Medulas– desde a antigüidade servían de fío condutor para as aldeas da meseta e para os aventureiros chegados desde os portos. Outros din que Sil poida vir da “silva”, os bosques polos que fura. Os camiños non perdían de vista o fluír dunhas augas que sempre van dar ao mar. A meseta e o mar eran océanos de incertezas propicios a odiseas. Así, servíndose das propiedades estratéxicas e vitais dos ríos foron nacendo asentamentos, castros, cidades outeando os camiños.

O territorio e a cultura da Galiza confúndense no Bierzo, parte da Gallaecia romana, baixo a xurisdición de Astúrica, que abría portas ou “portos” polos que franquear cara a outros complexos mineiros de ouro, estaño ou ferro, acochados entre os montes: as Medulas, o Courel, Ancares, o Cebreiro... Así se foron abrindo e consolidando camiños, na memoria e nos mapas. Algo constatado desde o uso de razón social, desde o neolítico, cando coa arrogancia megalitista os seres humanos comprenderon que podían domesticalo todo, a natureza, construír grandes monumentos para avistalos desde o horizonte como fachos ergueitos... Pegadas deixadas polos buscadores de metais, os que crearon a cultura castrexa. Mundos dos que dicían os ro-

manos, “*antes que nós, fenicios e gregos xa coñecían estas rutas*” as que eles reaproveitarían... co imperio –medrado polo escravismo e do que se valían para acometer as grandes e difíciles obras do estado romano– viría o cristianismo e unha nova forma de entender o mundo e a vida ante as promesas de trasmundo. Así naceron as ermidas do *Val do Silencio* e das *Ribeiras Sacras* do Sil, Miño, Bibei... a xeito de seminarios atendidos por misioneiros ben “orientados”, queremos dicir coñecedores de canto acontecía naquel oriente próximo, no que os Evanxeos dicían que “o verbo se fixo carne”, onde madurou a lei e, polo tanto, a palabra, para administrar as augas, a agricultura, e con elas as “vacas gordas” e “fracas”... Monxes cavernícolas, dendritas, coñecedores dos remedios dados polo Simión “*o Estilita*” nos ermos sirios de Kalat Siman, nos seminarios da Tebaida Exipcia a carón das tumbas dos faraóns, en Antioquía, na Capadocia ou en Cartago. Misioneiros capaces tanto de decantar os movementos heréticos, de atraer, como de reforzar e asentar nestes confíns extremo occidentais a crenza da tumba dun Apóstolo significado, íntimo do Cristo. Enxeña de fervor fronte ao expansionismo do mundo musulmán. Nesa mesma misión estaba a ansia por protexer estes fértiles e estratéxicos confíns, unha Gallaecia que aproa cara ao mar da Britannia ou da Lusitania. Posteriormente camiño aberto para cruzados e ordes





Bierzo, bisagra entre os reinos de Galiza e León, que por intereses aparecen confundidos e distanciados nunha historia parcial e tribal

de cabalería, precursoras multinacionais, con ansias comerciais e políticas expansionistas, amparadas pola relixión. Como os templarios, e aos que os seus rivais tinxirán de misterios anatémicos.

Cómpre entender estes principios para entrar no Bierzo e decatarse do seu valor estratéxico e cultural ao longo dunha Historia sempre aberta ao acontecer e que os tópicos deron en dicir pechada. Os novos estudos clarificarán moito máis relativo á *Reconquista* e ás relacións dos reinos de Galiza e León. *O Reino Medieval de Galicia*, nas pescudas do historiador Anselmo López Carreira, sáese das rutas oficiais e dunha historiografía interesada para abrir un sorprendente panorama no que "*Gallaecia Fulgit*" con ese escintilar propio, pese ás intrusións.

Bierzo, bisagra entre os reinos de Galiza e León, que por intereses aparecen confundidos e distanciados nunha historia parcial e tribal.

Así, desde a meseta até o corazón da Gallaecia e desde os portos, subindo montes, baixando ás ribeiras, fóronse marcando camiños, pedras luídas polos pés e marcadas polas rodeiras, erguéronse milladoiros, trazáronse pontes, portos francos que aseguraron as relacións e, polo tanto, a cultura. O *Camiño Francés* a Compostela serviu de "limes" fronte ao Islam, para quedar consolidado e con el ese ir e vir de ansias de todo tipo, rebozadas en misións relixiosas, cando non eran máis que intereses políticos de dominio e reparto

feudal. Tamén os Reis Católicos, Isabel do *Iugo* e o Fernando das *Frechas*, andaron eses mesmos camiños, pasaron polo Cebreiro e ditaron e transmitiron en voz alta a "doma e castra" do Reino de Galiza. Por algo sería tal anulación.

Coñecemos poucos países que podan ofrecer tanto como o Bierzo, cofre da mesma identidade da Galiza. Non se trata dun parque temático, que diríamos desde o papanatismo

Palloza do Cebreiro





Molinaseca, ponte sobre o río Meruelo



Brasón da torre do reloxo

de hoxe; trátase dunha realidade harmónica, apropiada para entender as orixes de Galiza. Escenario dun longo acontecer: minas romanas das Medulas, castros no seu arredor e por se fose pouco o grandioso *oppidum* do Castro Ventoso, en Cacabelos, vixía dos camiños que se levan polos Ancares.... as ermidas e a misión humanizadora dos *santos* do Val do Silencio, Peñalba, o mosteiro Rupianense en San Pedro de Montes, Compludo... e o camiño de Santiago, que en Foncebadón ergue o milladoiro da cruz de Ferro, túmulo feito pedra a pedra polos peregrinos para marcar no camiño un fito entre as rexións do Bierzo e da Maragatería... no camiño Manjarín, a fermosa vila lineal de Molinaseca... ese outro universo de xentes do camiño, tan imbuídas de oriente. E sempre agardando por nós, empoleiradas nos seus castelos e espadananas Ponferrada, Vilafranca, ou os máis recónditos lugares, as pallozas, arquitectura do fume, entre os picos dos Ancares, Burbia, Campo del Agua... ou eses outros camiños mineiros que pasan por Villablino, cara a Leitariegos, a Laciaña das fontes do Sil e Babia...

Sirva o devandito de cartilla elemental para furar por ese universo, ao que sumamos tradicións, mitos, artesanías, ritos, danzas que resisten á aculturación e a anomia, que non é máis que crise de identidade, efectos con causas políticas, gastronomía na que o botelo e os mellores produtos da horta do Sil e eses viños mencía,

ancestral resultado, sangue da terra e do traballo co que ofrecer un brinde.

CHEGAR AO BIERZO SEGUINDO O SIL OU DESDE O CEBREIRO. Se antes as augas do Sil eran arrubiasdas como a terra das Medulas, hoxe son negras polas minas de carbón e especialmente de lousa, ese ouro grisáceo que tanto mudou o acontecer. Nos nosos días a falta de planificación que interesa ao brutalismo especulador, esbardellou os recursos de futuro e tamén de "espírito", a identidade, por unha codia de pan e algo de circo posmoderno.

Para chegar a Sanabria desde A Coruña e Lugo, farémolo pola N-VI. Deixamos así o camiño de Santiago serpeando polas cimas do Cebreiro, coroadas polo Santuario de Santa María. Un dos lugares topicamente máxicos. E dicimos eso polo labirinto de atractivos descoñecidos, enigmas, lendas misterios, simbolismos... difíciles de entender, no global, máis aínda se non se lles pon códigos de historia e cultura local... As pallozas, espazos tan nas lendas dos cabaleiros artúricos buscadores do Graal, altares do milagre eucarístico... para baixar a Faba e chegar ao Val de Valcarce, Perexe, Trabadelo... A silueta romántica e medieval do Castelo de Sarraacín domina o paso, para deixar aniñar entre as ruínas a un maxín fabulador que cría lendas e a maxias. Entre o rosario de fortalezas nas que mandaban aos templarios, despois os Álvarez Osorio e logo os Condes de Le-

mos... por contraste Ruitelán, patria do humilde santo amansador de lobos, o San Froilán, imaxe que se venera no seu templo.

Para quen anda o camiño faise un xeito de "xogo da oca", con aventuras e desventuras que levan a penetrar nun universo inabarcable. De non deixarse ir e para quen queira esquematizar e programar a cousa, oporíamose roteiros desde Vilafranca e desde Ponferrada, bases de partida e sempre complementarias nun ou varios itinerarios:

- Desde Vilafranca. 1: o seu contorno; 2: os Ancares; 3: As Medulas.
- Desde Ponferrada. 1: o seu contorno; 2: o Val do Silencio; 3: o Camiño Francés.

Seis itinerarios, ideais para tres días, que se poden facer dunha sentada: Lugo, Ancares por Piornedo até Burbia... Vilafranca, Ponferrada, Camiño Francés, Val do Silencio, Medulas e volta cara a Lugo por Valdeorras, a Rúa, Montefurado, Quiroga, Sarria...

Vilafranca coa rúa da Auga e sempre as lembranzas de Sarmiento, os seus mosteiros e igrexas, entre elas a mendicante de San Francisco, a de Santa María, coa Porta do Perdón... o Castelo de Vilafranca... Ponferrada, dominada polo Castelo templario, polas súas estreitas rúas, onde no museo atopamos algo da súa longa historia de controladora de camiños... ese camiños que tanto levan ás minas romanas das Medulas, como ao Val do Silencio, con igrexas de todo tempo, a prerrománicas de arte islámica para cultos cristiáns, de Penalba, cos arcos de ferradura, reaproveitando "espolias" de templos pagáns, máis antigos, para venerar a cruz nacida da roda solar... sendas, mosteiros, saberes artesanais, sartegos de santos misioneiros sabedores de todo, ocultos, recollidos entre os montes, lameiros e hortas nas que florea a cerdeira, o amendoeira e maduran os figos... A ferraría de Compludo e a

Coñecemos poucos países que podan ofrecer tanto como o Bierzo, cofre da mesma identidade da Galiza.

Non se trata dun parque temático, que diríamos desde o papanatismo de hoxe; trátase dunha realidade harmónica, apropiada para entender as orixes de Galiza



Cacabelos



Rúa da Auga en Vilafranca

sombra de Martiño de Dume, pondo orde, de santos posteriores, como Valerio, Froitoso, Xenadio... O Camiño de Santiago por Molinaseca cara ao milladoiro de Foncebadón... camiños andados por peregrinos, pero tamén por tropas de soldados, por segadores, por maragatos da veciña Somoza e Astorga, andares de Rosalía e Murguía, de señores de carricocha e tripar de cabalos.

Noutra, seguiremos en detalles. Cómpre coñecer para querer e defender. Saber que estas historias do "Nós", maxestático, que veñen do uso de razón social, que se perden máis alá do megalítico, non se deteñen nos castros ou na monarquía sueva –pese á hiperesperimentación interesada do tema histórico e preambular– nin nos reinos medievais, nin tan sequera nas negacións imperiais, modernas ou posmodernas de "doma e castra", que non fixeron máis do que provocar e consolidar a identidade. Galiza "célula de universalidade" abriu e ensinou a abrir camiños solidarios, pese a outros ridículos esperpentos que trouxa a gárgola do mesmo esperpento e nunca burbulla do esforzo pola dignidade de ser e existir. Esa historia está nos camiños que cómpre andar ■

BIBLIOGRAFÍA ELEMENTAL PARA LANZARSE NOS CAMIÑOS DO BIERZO E DA HISTORIA Bierzo

BALBOA DE PAZ, José A. *El Bierzo en la obra de dos militares del Siglo*

XVIII: Datoli y Munarriz. Peñalba impresión. Ponferrada. 1992.

VALLE, Manuel del; MARQUÉS, Francisco: *Conocer el Bierzo en bicicleta*. Ediciones Lancia. León 1995.

LÓPEZ, David Gustavo: *Valle del Silencio*. Breviarios de la Calle del PEZ. Diputación Provincial. León. 1989.

LÓPEZ VALLE, Melchor: *Castro Bergidum*. Grama. Ponferrada. 2004

VOCES JOLÍAS, J.M.; IGLESIAS, José Antonio: *El Bierzo*. Ediciones Lancia. León 1989.

Ancares

GARCÍA BARBA, Ignacio: *Itinerario por los Ancares*. Ediciones Lancia. León 1994.

Médulas

CASTAÑO POSE, José: *Una Excursión por las Médulas*. 1904. Ciencias de la Dirección. Madrid 1991.

BARCIA MERAYO, Luis: *Crónica de un tiempo en la merindad de la Somoza*. Editorial Bérvida. Ponferrada. León. 1989.

SÁNCHEZ PALENCIA, Javier: *Las Médulas. Paisaje Cultural*. Diputación Provincial de León. 2000

Vilafranca e Cacabelos

LÓPEZ VALLE, Melchor: *Castro Bergidum. El mayor asentamiento castreño berciano*. Ponferrada 2004.

Val do Silencio

FIDALGO PIENSOS, Ignacio: *El estilo de transición en Santiago de Peñalba*. Editorial Hontanar. Ponferrada. 2001

LÓPEZ CARRERA, Anselmo: *O Reino Medieval de Galicia*. Edición A Nosa Terra. Vigo 2005.

LÓPEZ, David Gustavo: *Valle del Silencio*. Breviario de la Calle del PEZ. Diputación Provincial. León 1989.

PASTRANA, Luis: *Peñalba, Montes y Compludo*. Ediciones Lancia. Móstoles 1987.

PUENTE, Ricardo: *Por las montañas de la Balduela*. Imprenta Moderna. León 1992.

QUINTANA PRIETO, Augusto. *Peñalba. Estudio histórico sobre el Monasterio de Santiago de Peñalba*. Bierzo Nebrija. León 1978.

